



## CONCURSO DE RAP CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

### BASES DO CONCURSO

#### 1.- OBXECTO

Fomentar a creatividade e o uso da tecnoloxía a través da música, sobre un problema social como é a violencia de xénero.

#### 2.- PARTICIPANTES

Todo o alumnado do CIFP Fontecarmoa do curso 2023-2024.

#### 3.- TRABALLOS

Cada participante deberá compoñer un rap que responda aos seguintes requisitos:

- Elaborarase un **vídeo**.
- Temática: **Contra a violencia de xénero**.
- **Rima e base musical libre**.
- Duración do vídeo: **mínimo 1 minuto e 30 segundos, máximo 3 minutos**.

#### 4.- PRESENTACIÓN DOS VÍDEOS

A través do correo [participa@cifpfontecarmoa.net](mailto:participa@cifpfontecarmoa.net), indicando en asunto: **concurso rap**

Data límite de presentación: **venres, 1 de decembro ás 23:59**.

#### 5.- MEMBROS DO XURADO E ELECCIÓN DO VÍDEO GÑADOR

5.1. Ningún dos membros do xurado poderá participar no concurso.

5.2. O xurado decidirá as propostas admitidas e excluídas, con indicación dos motivos de exclusión se os houbera.

5.3. Elección da proposta gañadora: Será elixida, entre as propostas finalistas, por votación dos membros do Equipo de Biblioteca. O resultado das votacións saberase o día 21 de decembro.

5.4. O xurado terá a potestade de resolver todo caso non previsto nestas bases da convocatoria.

#### 6.- PREMIOS

Dependendo do número de inscritos/as farase unha selección previa que se comunicará o seu debido tempo (mediados de decembro).

A final na que se decidirá o rap gañador será o día 21 de decembro no salón de actos. Alí se determinará o/a gañadora e se entregarán os premios.

**1º premio:** Vale de 20 euros para gastar en cafetería.

**2º premio:** Vale de 10 euros para gastar en cafetería.

**3º premio:** Vale de 5 euros para gastar en cafetería.

#### 7.- Aceptación das bases.

A participación no concurso leva implícita a aceptación destas bases e o fallo do xurado.

#### 8.- Órgano convocante.

Esta actividade é proposta polo Equipo de Biblioteca do CIFP fontecarmoa. Para contactar por causa deste concurso, dirixirse a: Ana Argibay (profesora de comercio) ou ben enviar



XUNTA  
DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO  
DE FORMACIÓN PROFESIONAL  
FONTECARMOA



BIBLIOTECAS  
ESCOLARES  
DE GALICIA

un correo electrónico a: [participa@ciffontecarmoa.net](mailto:participa@ciffontecarmoa.net) indicando no asunto: **concurso rap**